





# OS SERES VIVOS

**Autores e autoras:** Sara, Aarón, Antía, Álex, Carolina, Sofía, Candela, Malak, Carmen, Celia, Lucas, Rodrigo, Elsa, Ana, Alicia, Moisés, Óliver, Marcelo, Nahía, Martín, Neizan, Hugo, Antía, Jorge, Nerea, Flora, Otmane, Samuel, Inés, Mayza, Saray, Noa, Nicolás, Rosalía, Uxía, Gisela, Andrés, Carla, Noelia, Miguel Ma, Miguel Mé, Enma, Valeria, Sofía.

**Editorial Trasno Trouleiro**

2020-2021

Este libro é interactivo. Algunha das súas páxinas teñen un código QR, se o escaneadas cun dispositivo intelixente accederedes a vídeos explicativos do alumnado.




# ÍNDICE

- Seres inertes
  - Seres vivos
    - Reinos dos seres vivos
      - Reinos moneras, proctista e fungos
        - Reino animal
          - Reino vexetal
            - Árbores autóctonas de Cerdido


# SERES INERTES

**SERES  
INERTES:** son  
os que non  
teñen vida.



Poden ser **NATURAIS** (feitos pola natureza, por exemplo, unha pedra) ou **ARTIFICIAIS** (feitos polas persoas, por exemplo, un xiz).

Os virus, como o COVID-19 ou a gripe, non son seres vivos, pero tampouco son seres inertes.





# SERES VIVOS

Os seres vivos  
nacen, crecen,  
reprodúcense e  
morren.



Os seres vivos  
cumpren as tres  
funcións vitais:  
nutrición, relación  
e reprodución.



**RELACIÓN:** Función  
mediante a cal  
interactuamos co medio.

**NUTRICIÓN:** Función  
mediante a cal obtemos os  
alimentos.


**REPRODUCCIÓN:**  
Función mediante a cal  
se ten descendencia.



Os seres vivos divídense en cinco reinos: reino animal, reino vexetal, reino fungos, reino moneras e reino proctista.

Os ecosistemas son o conxunto formado polas condicións de cada medio, os seres vivos que o habita e as relacións de todos eses elementos.





R  
E  
I  
N  
O  
S

# REINOS DOS SERES VIVOS

Existen cinco reinos

Reino animal

Reino vexetal

Reino moneras

Reino fungos

Reino proctista

# REINOS MONERAS, PROCTISTA E FUNGOS

No reino fungos pode haber dende setas ata antibióticos que usamos cando estamos enfermos.

Hai setas que poden ser velenosas e outras que non.



No reino moneras hai bacterias, que ás veces pónennos enfermos.

Dentro do reino proctista atopamos as algas.

# REINO ANIMAL

## SEGUNDO O SISTEMA LOCOMOTOR

Hai animais vertebrados e invertebrados.

### INVERTEBRADOS

Cnidarios

Vermes

Esponxas

Artrópodos

Moluscos

### VERTEBRADOS

Peces

Anfibios

Reptiles

Mamíferos

Aves







## SEGUNDO O SISTEMA REPRODUCTIVO

OVÍPAROS: Nacen de ovos.



VIVÍPAROS: Nacen do ventre das súas nais e maman leite.



A maioria dos mamíferos son vivíparos.



A maioria dos réptiles, peces e anfíbios son ovíparos.



Todas as aves son ovíparas.

## SEGUNDO A SÚA ALIMENTACIÓN

Carnívoros: comen carne.

Herbívoros: comen herba.

Omnívoros: comen de todo.



# REINO VEXETAL

As plantas fabrican o seu propio alimento.

A súa cor verde débese á clorofila.



Realizan un proceso que se chama fotosíntese, a través do que se intercambian o osíxeno e o dióxeno de carbono.


As plantas necesitan auga, terra e sol para vivir.




As plantas absorben os nutrientes polas raíces, a sabia bruta sube polos vasos leñosos ata as follas, onde realízase o intercambio gasoso e volve baixar a sabia elaborada polos vasos liberianos.

As plantas autóctonas son as propias dun lugar.

O bosque autóctono galego chámase fraga, como a Fraga dos Casás ou a Fraga do Eume.



# ÁRBORES AUTÓCTONAS DE CERDIDO







# abeleira

O seu nome científico é  
*Corylius Avellana*.

É da familia do bidueiro.



As ramas máis finas úsanse para facer varas para lindar o gando.

O seu froito é a abelá e pódese comer.



## aciuro

O seu nome científico é *Ilex aquifolium*.



Dase sobre todo nas zonas montañosas e chuviosas. Tén unha altura entre 2 e 5 metros, aínda que pode acadar ata 15 metros. As follas adoitan ser coriáceas, elípticas e cos bordos ondulados, de entre 6 e 8 cm de lonxitude, co extremo en forma de punta. A cor é verde escuro na cara e máis pálido no revés. As flores son unisexuais.

A súa madeira é de cor branca, moi dura e resistente, polo que é difícil de traballar .

Antigamente usábase en ebanistería e tornaría. Dos seus toros e pólas cocidas sácase unha substancia pegañenta, coñecida como liga que se usaba tradicionalmente para cazar paxaros.



# bíðueiro

O seu nome científico é *betula betulaceae*.

É unha árbore de folla caduca.



É moi parecido ao salgueiro.

Prefire solos fértiles, ácidos e húmidos.

A súa madeira é branca e antigamente utilizábase para facer zocas.





# carballo

O nome científico é *Quercus robur*.



No seu hábitat é de salientar a importancia ecolóxica do carballo pola cantidade de especies asociadas ao mesmo, especialmente insectos. Numerosas especies moran nas follas, gromos, bugallos e landras. O carballo comporta máis biodiversidade de insectos herbívoros que ningunha outra especie en Galicia, máis de 400 especies.

Pode superar os 40 metros de altura.

O seu froito é a landra.

Árbore de copa ampla e redondeada ou irregular e folla caduca.

O carballo vén rodeado de lendas e considérase unha árbore sagrada asociada aos mitos celtas.



# fiúncho

O nome científico é *Foeniculum vulgare*.



O fiúncho é unha planta herbácea e erecta, dunha cor verde intensa, e pode chegar a acadar os dous metros de altura. As súas follas son longas e delgadas, acabando en segmentos en forma de agulla.

A planta emprégase comunmente na cocifia sobre todo na confección de encurtidos, aliños e salsas, por aportarlle un típico arrecendo semellante á menta.

O fiúncho tamén é usado para cocer as castañas.

Ademais o fiúncho é unha das sete herbas máxicas de San Xoán

As flores aparecen en ramiños de 20 a 50 flores sobre pedúnculos curtos.



# loureiro

O seu nome científico é *Laurus nobilis*.

En Cerdido, ademais do seu cultivo, forma parte da vexetación espontánea, xeralmente en lugares húmidos coma preto dos regos, fragas...



Pertence ao grupo das plantas con flor.



Pode acadar os 20 m de altura.

As súas follas son vistosas, de cor verde escuro.

É unha árbore anxiosperma, con flores moi pequenas que producen un froito en forma de baga, que cando está maduro é negro, e cunha soa semente que se dispersa ao seren comidas polos paxaros.





# **nogueira**

O nome científico da noqueira é *Juglans regia*.

É unha especie distribuída por unha gran cantidade de territorios.

Esta especie cultívase maioritariamente pola froita que produce (a noz) e pola súa madeira (de gran calidade).



A noqueira é unha árbore de follaxe caducifolia que pode chegar a acadar unos 30 metros de altura (aproximadamente) e uns 2 ou 3 metros de diámetro.

É unha especie moi ramificada, con copa ampla que proxecta unha sombra densa baixo ela.





## toxo

O seu nome científico é *Ulex Europeus Linn.*



É un arbusto espiñento, que mide de 0,6 ata 3m. Con moitos talos ramificados asurcados ou acostelados. Ramifias con pelos grises ou pardoroxizos. As espiñas finais de 12-13mm, Longas, robustas e dereitas.



Antigamente usábase o toxo verde para darlle de comer ao gando e para facerlles a cama, despois ao mesturarse coa bosta, usábase como esterco para as terras.

Os toxos adultos servían como combustible e tamén se utilizaban para facer os caxalos.

En Galicia hai tres tipos de toxo: o toxo arnal, o toxo femia, o toxo gateño e o toxo brañego.

Está é a razón pola que se di que en Galicia o toxo sempre está en flor.

En Cerdido o que máis abunda é o toxo arnal.

As sementes do toxo son moi resistentes ao lume, por iso despois dun incendio é das primeiras vexetacións que agroma.

As flores teñen os pétalos marelos, miden de 13-20 mm e chámanse chorimas ou alecríns.



